


GALEGOS DO NOVO MILENIO

Xavier Alcalá, escritor e enxeñeiro de telecomunicacións

► Defínese como un narrador e un amante da creatividade e da tecnoloxía, e combina o seu traballo coa actividade literaria, que pronto dará un novo froito: a historia da persecución que sufriu na Guerra Civil a comunidade evanxélica



Xavier Alcalá, escritor e enxeñeiro de Telecomunicacións na sede deste xornal

“A miña nova novela vai chocar porque é politicamente incorrecta”

CARMINA ESCRIBAS • A CORUÑA

Non vive da literatura. Afirmo que non é o seu máximo interese na vida, que o seu son as telecomunicacións. De feito é enxeñeiro e doutor en Informática. Pero xa no primeiro minuto da conversa nótase que pon toda a carne no asador con cada aventura literaria.

Agora está metido nun complexo proxecto.

Estou tomando unha realidade descoñecida para contala como novelista. Contar a existencia duns cristiáns disidentes que son os evanxélicos, a comunidade cristiá non romana máis grande que hai en Galicia, que foi duramente maltratada, sobre todo entre 1936 e o fin da guerrilla.

¿E vostede quere desenterrar a súa historia?

Xa o estou facendo. Estou escribindo unha historia que se chama 'Evanxélica memoria', na que con base a unha autobiografía ficticia fago repaso desde o momento da expansión da creanza evanxélica a principios dos anos trinta ata a morte de Franco.

¿E como se lle ocorreu contar

esta historia?

Chaméronme uns señores maiores e díxéronme que querían contar a súa historia. Eu estou actuando de escribán, facendo unha docunovela moi longa, acabará tendo mil páxinas divididas en tres tomos.

¿E que lle contaron eses señores?

Contáronme o descubrimento da liberdade para ler e interpretar as escrituras, a creación das comunidades nas que o pastor non esixía nin obrigaba a ser mantido, a loita continua entre a necesidade de manter a fe e tódolos movementos de represión que se podían imaxinar, desde o fusilamento ata a tortura, a persecución simbólica... é unha manifestación da represión ó disidente.

Parece unha historia moi dura.

É durísima. Ás veces non conto todo por non ver tanta crueldade. Eu mesmo me canso e chega un momento en que suprimo cousas para que non pareza un laio continuo. De feito, ó longo da historia aparecen moitos personaxes que formaban parte desa represión, como falanxistas, militares

O PERFIL

Idade: 55 anos
Profesión: Enxeñeiro e escritor
Estado civil: Casado
Fillos: Tres fillos e netos

Xavier Alcalá é dos que pensan que todos somos fabuladores, con independencia da nosa formación ou da nosa profesión, e que o que realmente importa á hora de escribir é ter vivencias, "e temos vivencia os que vivimos". El vive na Cabana, en Ferrol, e anda todo o día de aquí para alá, por Santiago, pola Coruña, ou por onde o leven as súas aventuras literarias, compatibilizando o seu labor profesional no Centro de Innovación e Servizos, a súa tarefa de profesor de Enxeñería Telemática e a escritura. Presume de non vivir da literatura, pero ten publicados numerosos títulos, desde novelas como *A nosa cinza*, *Fábula* ou *Alén da desventura*, ata libros de viaxes como *La Habana flash*.

MOI PERSOAL

Unha lectura: A que me gusta máis recentemente: "Los fillos dos fillos" de José Manuel Sarría.

Unha afección: Ademais da lectura, a equitación, pero o mellor é andar polo monte de paseo.

Unha viaxe: Volver á Coruña.

Un soño: Que os Consellos da Xunta accedieran en galego.

Algúnha cidade que prefira para vivir: A Coruña.

Unha película: A miña predilecta é "Amarcos" de Federico Fellini.

Un personaxe histórico: O emperador Adriano.

Un artista: Goya.

ou cregos, que acabaron poñéndose no bando dos evanxélicos porque non podían aguantar tanta crueldade. E que incluso os maquis, os guerrilleiros, traballaron moi duro contra os evanxelistas, porque representaban o opio do pobo.

Eran vítimas das dúas fronteas. Leváron dos dous bandos. Se quedaban dun lado levaban paos e se pasaban ó outro tamén. As comunidades evanxélicas floreceron coa República, pero cando chegou a guerra déronse de conta de que non tiñan peor inimigo que os comunistas. Estes tipos eran vítimas de todo o mundo.

¿Tanto medo lles tiñan?

Pola súa coherencia, porque son difíciles de subornar moralmente, os evanxélicos resultaban moi perigosos.

¿Onde está ambientada a novela?

Comeza no sur de Galicia, na beira do Miño, e acaba no arco árabe. E polo medio hai moita aventura, empezando pola Guerra Civil, que é alucinante.

¿Como cre que sentará esta novela?

Os sistemas son máis democráticos canto máis valor ten a incorrección política. E esta historia vai chocar moito e vai ter contestación porque é politicamente incorrecta, o correcto sería nunca ter contado a historia dun pobo que aínda vive nas catacumbas.

¿Seguen marxinalizados?

Desde logo seguen vivindo nas catacumbas, aínda que sexan unhas catacumbas sutís. Lembro aquelas procesións que se organizaban cando eu era pequeno, nas que se cantaba: "Fuera, fuera protestantes/fuera de nuestra nación/que queremos ser amantes del Sagrado Corazón".

Ademais do seu traballo literario, tamén ten novidades no eido académico.

Estou metido nunha cousa tan curiosa como pasar de dar clase de medios de transmisión e xestión de redes de telecomunicacións a dar clase nunha facultade nova -Comunicación Audiovisual- de fundamentos dos multimedia e de redes de telecomunicacións. É unha formación que eu descubri en Brasil, chamada "contendista" (creador de contidos). Teño que estarlle moi agradecido á vida e á Universidade pola oportunidade de conxuntar a técnica na que me formei e na que traballo desde hai trinta anos, e a creatividade de nova expresión. Nesta vida non hai nin ciencias nin letras, senón curiosidade intelectual, e o fenómeno dos multimedia é o produto da curiosidade, que leva a expresar-se dun xeito novo.